

Estimados e estimadas colegas.

Unha vez rematadas as probas de ABAU correspondentes ao curso 2019-20, poñémonos en contacto con todos vós para comentarvos as nosas consideracións fronte ao complicado curso que se nos presenta.

Algúns profesores que ides impartir Física en 2º Bac xa vos puxestes en contacto connosco para transmitirnos a vosa preocupación sobre o desenvolvemento deste curso, tendo en conta como se impartiu a materia de Física e Química en 1º Bac desde o pasado marzo. Desde logo, o Grupo de Traballo é consciente desta situación e da dificultade de impartir o currículo completo de Física de 2º para preparar as probas de ABAU do vindeiro ano. Pero nin o Grupo de Traballo nin a CiUG teñen competencias para modificar o currículo de Física, nin os estándares de aprendizaxe avaliábeles. Iso débennos facer as nosas autoridades, tanto da Consellería de Educación como do Ministerio de Educación e Formación Profesional.

Todos leríades na prensa a intención do Ministerio de Educación e Formación Profesional de manter o modelo de exame da ABAU deste curso 2019-20 para o vindeiro curso 2020-21; é dicir, asegurar, cunha alta opcionalidade nas preguntas, a posibilidade de obter a máxima cualificación aínda sen estudar todo o temario de 2º Bac. Nunha reunión que mantivemos o pasado 6 de outubro todos os directores dos Grupos de Traballo coa Presidencia da CiUG e aos membros do Tribunal Único da ABAU, informámonos que se manterá o mesmo modelo de exame que o curso pasado no caso da materia de Física; é dicir, 8 preguntas para escoller 5, todas coa mesma puntuación. Desde logo, teremos esta canle aberta para informarvos dalgunha outra decisión das nosas autoridades, se fixese falta.

Ademais do tema da estrutura do exame, hai dous aspectos que vos queremos facer chegar: Independentemente da programación docente que cada un de vós desenvolva, pensamos que hai algunhas competencias fundamentais para a aprendizaxe da Física en 2º de bacharelato que o alumnado deberá dominar. Estas competencias son as que se citan na primeira páxina do documento sobre Orientacións que está publicado na web da CiUG.

En segundo lugar, debido a que non sabemos, a día de hoxe, como vai evolucionar a pandemia e atendendo a algunhas suxestións que nos fixestes algúns de vós, o Grupo de Traballo decidiu que este ano as prácticas de laboratorio que poden entrar no exame da ABAU se redúzan a tres: determinación do índice de refracción dun medio; lentes converxentes; e efecto fotoeléctrico. Por suposto, a nosa recomendación é que as desenvolvedes todas nas vosas clases; sempre insistiremos na importancia das competencias que se adquiren no laboratorio.

Como sempre, grazas pola vosa comprensión e estamos á vosa disposición para tentar aclarar calquera dúbida que vos poida xurdir.

Un cordial saúdo,

Carolina Torrón
Grupo de Traballo de Física